

# PROXECTO

## LECTOR DE CENTRO

2022-2026

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
DE ESTEIRO



[ceip.esteiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.esteiro@edu.xunta.gal)



Aprobado en Claustro e Consello Escolar o día 19 de abril de 2022.



# CONTIDOS

Plan Lector de Centro

1. INTRODUCCIÓN [PÁX.4]
2. XUSTIFICACIÓN LEGAL E NORMATIVA [PÁX.5]
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA DO CENTRO [PÁX.7]
4. OBXECTIVOS [PÁX.9]
5. PLAN DE ACTUACIÓN [PÁX.10]
6. RECURSOS [PAX.20]
7. AVALIACIÓN DO PLAN [PÁX.21]
8. COMPROMISO DO PLAN [PÁX.22]
9. BIBLOGRAFÍA [PÁX.23]

## 1. INTRODUCCIÓN

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu artigo 18 que **“os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.”**

Así pois, elaboramos este documento no que quedarán recollidas as liñas básicas do Proxecto Lector de Centro (PLC) que se materializarán, en forma de actividades concretas, nas diferentes programacións das respectivas etapas, niveis e áreas. Unha vez aprobado, terá carácter prescriptivo e deberá ser posto en práctica e avaliado adoptándose as pertinentes medidas correctoras, se fose o caso.

## 2. XUSTIFICACIÓN LEGAL E NORMATIVA

O concepto clásico de ensinanza da lectura como un proceso lingüístico ou cognitivo, segue estando en vigor, pero xa non é suficiente. Hoxe en día, debido aos **cambios que se están a producir na sociedade** do coñecemento durante as últimas décadas, tampouco basta con saber **abordar os textos académicos e literarios**, porque, diariamente nos vemos abocados a resolver numerosas cuestións ordinarias – enviar un correo electrónico, informarnos e comunicarnos a través das redes sociais, mercar a través da rede ou móbil, etc.- que esixen unha nova forma de ler e comprender. Por outra banda, cada vez resúltanos máis difícil **seleccionar a información**, distinguir o trigo da palla, o falso do veraz e moito máis aínda emitir unha crítica ben argumentada e razoada.

Polas razóns anteditas, cabe considerar que a **ensinanza sistemática e organizada de recursos para operar cos textos é unha necesidade** urxente e real. Así que unha das tarefas máis importantes da nosa escola consistirá en planificar accións e organizar recursos e medios para, desde todas as áreas do currículo, poñer en marcha o desenvolvemento da competencia lingüística –lectura e escrita- a través dunha ensinanza estratéxica. O profesorado adoptará o papel de modelador dos procesos para que o alumnado se sinta motivado e se implique activamente, coñecendo de antemán a finalidade da lectura/escrita, empregando diferentes e variados tipos e xéneros textuais en diferentes medios e formatos. Ambas partes poderán beneficiarse dunha ampla variedade de centros de recursos tales como a biblioteca escolar, o cinema, as exposicións, o acceso ás bibliotecas públicas, etc. E por último, e non por iso menos importante, contaremos coa colaboración das familias que terán un papel decisivo na formación desta competencia.

Para poder desenvolver esta ardua tarefa é fundamental contar cuns **piares** sólidos que enmarquen e sosteñan dito proxecto. Definimos a continuación cales serán eses paires nos que se sostén o Proxecto Lector do noso centro.

- 1. Marco legislativo:** No apartado de bases legais recolleemos o marco legislativo no que se desenvolve este proxecto.
- 2. Biblioteca escolar:** É o centro de recursos por excelencia e o provedor, tendo en conta as súas partidas orzamentarias, dos recursos necesarios para que o alumnado e o profesorado, fundamentalmente, logren acadar os seus obxectivos académicos e pedagóxicos respectivamente. É un espazo en continuo cambio e crecemento, en liña cos avances e necesidades que demanda a escola e a sociedade, para que sexa un espazo de intercambio, de aprendizaxe, de creación e de experimentación.
- 3. O equipo da biblioteca:** Este é o piar humano, no que están representados todos os equipos do profesorado de primaria e infantil. É un equipo que se procura sexa estable e no que están claramente repartidas as funcións e tarefas que casa membro ten que desenvolver. Deste xeito é posible abarcar un gran número de actividades, moitas de carácter fixo e outras de carácter puntual segundo as propostas que se realicen e as necesidades que se vaian detectando.
- 4. As familias:** En paralelo co traballo docente, teñen a inescusable obriga de colaborar no proceso educativo axudando aos seus fillos e fillas a valorar a importancia da lectura e da escritura. Para elo deberán ler con eles e escoitar como len; facer da lectura un hábito diario, lúdico e pracenteiro, moitas veces, de estudo e como medio para formarse tamén; promovendo actitudes positivas cara á lectura e ao esforzo que supón o estudo diario; propiciando na casa espazos adoitados para o estudo e a lectura; respectando os horarios de estudo... porque a escola, para levar a cabo a súa tarefa educativa con éxito, necesita desta colaboración.
- 5. As institucións e organismos públicos:** Constitúen unha fonte de recursos valiosísima e das súas iniciativas haberá de nutrirse o noso Proxecto Lector cando estas estean dirixidas a promover accións que amparen, protexan ou divulguen a lectura e a cultura en xeral. Neste ámbito cabe destacar que a nosa biblioteca escolar forma parte da rede PLAMBE, plan que permite renovar e ampliar continuamente o catálogo de libros, acceder a formación continua e coñecer experiencias doutros centros, que nos inspiran e animan a mellorar.
- 6. Claustro e equipo directivo:** O persoal do centro, tanto no ámbito docente como no ámbito organizativo son unha peza fundamental para o desenvolvemento das actividades e consecución dos obxectivos deste plan.

Polo tanto, será sobre estes cinco paires sobre os que construiremos a estrutura do noso Proxecto Lector e co que esperamos cubrir os obxectivos dirixidos a mellorar a competencia lingüística do noso alumnado.

## BASES LEGAIS

### LOE. Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

- [Artigo 19.2.](#) Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaránse en todas as áreas.
- [Artigo 19.3.](#) A fin de fomentar o hábito e dominio da lectura, todos os centros educativos, dedicarán un tempo diario á mesma, nos termos recollidos no seu proxecto educativo.

### Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- [Artigo 4.g.](#) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

### LOMCE. Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

### Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- [Artigo 3.e.](#) Obxectivos de educación primaria. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- [Artigo 11.1.](#) Elementos transversais. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías, da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as disciplinas.
- [Artigo 15.4.](#) Principios metodolóxicos. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lector de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.
- [Artigo 18.](#) Bibliotecas escolares. Bibliotecas escolares e lectura.
  - Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
  - Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.
  - Así mesmo, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura de información e da aprendizaxe e punto de encontro entre o alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.
  - Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.

### LOMLOE. Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 (LOE).

- [Artigo 19.2.](#) Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaránse en todas as áreas.
- [Artigo 19.3.](#) A fin de fomentar o hábito e dominio da lectura, todos os centros educativos, dedicarán un tempo diario á mesma, nos termos recollidos no seu proxecto educativo. Co obxecto de facilitar dita práctica, as Administracións educativas promoverán plans de fomento de lectura e da alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para elo contarase, no seu caso, coa colaboración das familias e de voluntariado, así como o intercambio de boas prácticas.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA NO CENTRO

Analizaremos os seguintes aspectos:

- Resultados da Avaliación de diagnóstico.
- A biblioteca escolar.
- Plan Anual de Lectura.
- Lectura dixital.

#### Resultados da Avaliación de diagnóstico.

Á vista dos resultados arroxados pode comprobarse una melloría substancial na competencia lectora do noso alumnado, máis compre seguir traballando nesta liña co fin de que estes resultados se manteñan e melloren. Para elo será necesario traballar tendo en conta que:

- As familias deberán facer un esforzo e colaborar co centro a través das titorías co fin de mellorar os resultados académicos dos seus fillos/as.
- Afianzar o traballo por competencias por medio de proxectos, secuencias didácticas, actividades ALFIN...
- Optimizar os recursos existentes, ampliar os recursos TICs e facer un uso máis extensivo dos mesmos.

#### A biblioteca escolar.

O centro pertence á rede **PLAMBE** e a biblioteca escolar constitúe un dos grandes centros de recursos. Nela atópanse a meirande parte dos fondos documentais, contamos cun catálogo de máis de 6000 libros, dos que un 70 % pertencen á narrativa e o 30% restante a informativos. Neste sentido temos que tentar igualar, pouco a pouco, estas porcentaxes, sendo unha tarefa complexa pola dificultade en atopar libros informativos en lingua galega e/ou de calidade. Ademais a biblioteca está dotada de xogos didácticos e espazos creativos de LEGO, espazos que esperamos seguir aumentando coa participación nalgún dos programas que se ofertan desde as Bibliotecas Escolares. Por outra banda, está dotada de recursos informáticos como ordenadores e proxector, pero é necesario seguir ampliando dita oferta para atender a demanda do noso alumnado así como a propia demanda da sociedade, tanto no referido á actualización dos medios como á variedade dos mesmos.

A biblioteca é un espazo que sorte de lectura ao alumnado, a nivel individual, e familias, a través das mochilas viaxeiras e bolsas dos tesouros, tamén por medio do blog, así como a todas as aulas, enriquecendo as bibliotecas de aula ou facilitando lecturas por medio de caixas temáticas, entre outros.

**Plan Anual de Lectura.** Cada curso o equipo de biblioteca elabora un Plan de Lectura que concreta en actividades o Proxecto Lector de Centro. Distas actividades abranguen diferentes ámbitos, entre os que destacamos os seguintes:

- **Proxecto interdisciplinar de centro**, partindo da biblioteca ou doutros equipos, coa regularidade que sexa posible, realizarase un proxecto interdisciplinar no que todo o profesorado participa activamente co seu grupo de alumnos e alumnas.
- **“Bolsas dos tesouros”**, actividade consolidada e dirixida a todo o alumnado e á promoción da lectura en familia, ten unha acollida importante e así nolo fan saber as familias no caderno de bitácora que leva cada unha delas.
- **Animación á lectura**, contacontos, talleres, visita de autores, contribuirán a promocionar a lectura e a escrita dende a perspectiva do pracer e do divertimento. Aproveitaranse as oportunidades que nos ofrezan as entidades culturais.
- **Clubs de lectura**, actividade consolidada e dirixida á promoción da lectura e a desenvolver a actitude crítica do alumnado. Tivo unha moi boa acollida entre os escolares de 5º e 6º. Continuarase engadindo a premisa de que o día de reunión do club o alumnado quedarase a xantar na biblioteca, facendo una “comida de traballo”. As reunións levaranse a cabo na biblioteca de 14.00 a 16.00 horas.
- **O blog da biblioteca**, contribúe á difusión da nosa actividade cultural e é unha importante fonte de recursos para as familias, para o alumnado en xeral,

e para o profesorado.

- **Préstamos anuais**, polo que respecta á actividade dos lectores e, segundo se reflicte dos datos recollidos na memoria final da biblioteca, curso tras curso, aumenta exponencialmente o número de préstamos. Esperemos que estes datos se consoliden.
- **Itinerario lector**, no que cada titoría seleccionará unha ou varias lecturas que realizará ao longo do curso. Ditas lecturas darán a posibilidade de realizar distintas tarefas (dramatizacións, lecturas en voz alta, lectura en parellas, adquisición de estratexias de lectura...).
- **Voluntariado**, xa que o alumnado de 5º e 6º participa na xestión da biblioteca.
- **A adquisición de fondos**, farase segundo os criterios elaborados polo Equipo da Biblioteca oídas as demandas do profesorado, alumnado e familias e tendo en conta as actividades xurdidas ao longo do curso que requiran un material específico. Primará a calidade sobre a cantidade.
- **Hora de Ler**, establecida na mesma banda horaria para todo o colexio, ademais de garantir o cumprimento da lei, axúdase a crear unha atmosfera que favorece o acto propio da lectura. Nos cursos de 1º a 4º adícanse dous días á lectura colectiva, con lectura modélica por parte do profesor ou profesora. En 5º e 6º adícase so un día a esta actividade e, no segundo trimestre, é o alumnado o que le. Esta actividade está enfocada a compensar carencias (detectamos que a algúns alumnos nunca lles leran na casa un relato, un conto...) a ofrecer modelos lectores, así como a introducir lecturas de calidade. Cada grupo conta cun carné de aula co fin de que o profesorado poda coller libros, durante 1 mes, para ofertalos na Hora de Ler. Procurárase levar a cabo esta oferta, tendo en conta os temas do currículo, para fomentar a lectura de textos informativos e espertar a curiosidade por ampliar os seus coñecementos. Contamos tamén cos “libros de punto vermello”, aqueles que polas súas características (prezo elevado, formato moi grande ou delicado) non se prestan. Estes libros poderán collelos co carné de aula e lellos na clase na hora de ler.
- **Participación en actividades** lúdicas de animación e/ou fomento da lectura. Xa é un feito consolidado a participación colectiva ou grupal do noso alumnado en actividades relacionadas coa lectura e a escrita que se desenvolven tanto no seo da biblioteca como noutras dependencias do centro, ou fóra del. Entre elas poderíamos citar: visitas a exposicións, encontros con escritores, contacontos, recitado de poemas, cine, teatro; incluídos os actos do Día do Libro e do Día das Letras Galega promovidos polo Concello ou outras institucións.

**Lectura dixital.** O equipo de biblioteca traballará para iniciar a lectura dixital na escola, por medio da participación en plataformas como ELBE.2, a través da participación no PLAMBE.





## 4. OBXECTIVOS XERAIS

A mellora da competencia comunicativa (lectura/escrita e expresión oral) é un reto que debemos abordar de forma conxunta e coordinada, aspecto que no noso centro temos presente, dando pasos en firme no que respecta á coordinación pedagóxica de todo o profesorado dende a etapa de educación infantil ata 6º de primaria. A continuación expoñemos os obxectivos xerais deste Plan Lector:

- Ler en todas as áreas respectando un marco teórico compartido.
- Practicar sistemáticamente estratexias lectoras en cada nivel e etapa.
- Primar a comprensión lectora, sen descoidar a importancia da adquisición da velocidade dado que está demostrado que “a maior velocidade lectora, maior comprensión”.
- Revisar os materiais curriculares dispoñibles e modificar as actividades lectoras que neles se propoñen, se fose preciso, de maneira que abrangan todos os procesos lectores.
- Fomentar o hábito lector dende todas as áreas do currículo.
- Fomentar o interese pola lectura no seo da familia e da escola.
- Establecer medidas que complementen as actividades de aula e que incidan na mellora da competencia comunicativa do alumnado.
- Potenciar o uso da biblioteca como un recurso máis da aula, converténdoa nun espazo activo para o fomento do hábito lector e para a aprendizaxe en xeral.
- Secuenciar e priorizar os obxectivos do plan para inserilos nas programacións de aula e etapa.
- Propoñer actividades que propicien o traballo en grupo e favorezan a autonomía do alumnado.
- Avanzar na incorporación de novos soportes de lectura, aportando ao alumnado estratexias e ferramentas axeitadas.
- Apoiar aos distintos plans e proxectos do centro.

## 5. PLAN DE ACTUACIÓN

### A. DENTRO DO ÁMBITO CURRICULAR.

É labor de cada equipo de profesorado e etapa seleccionar, secuenciar, graduar e insertar na súas programacións os obxectivos e as accións que neste plan se desgranan dunha forma xeral .

#### A.1. Modelo/enfoque de lectura e escrita para todas as áreas do currículo.

*“Un enfoque que pretenda ser muy puro y basarse exclusivamente en un punto, corre el peligro de perder el resto y de vaciar de sentido el acto mismo de escritura. Algunos sufrimos en nuestra infancia el sin sentido, la inutilidad y el aburrimiento de un enfoque absolutamente gramatical, sin función, sin texto, sin proceso y con poco contenido. El resto de enfoques puede ser tan fatal como el primero, aunque mucho más modernos, si se utilizan de una forma radical. Creo que la sabiduría está en el eclecticismo. Cuando me imagino el mejor enfoque para un curso determinado, siempre me sale una mezcla rara de todas las posibilidades, algo que en cada caso intenta ser útil al alumno” (Daniel Cassany).*

Partindo desta premisa propoñemos un modelo de lectura como un proceso interactivo entre tres elementos: **texto, lector e contexto**. Onde o lector non sexa un suxeito pasivo, que recibe a información do texto, senón un suxeito activo, capaz de construír un texto paralelo (Kenneth Goodman) e que ademais:

- Ten diferentes intencións de lectura (para aprender, para gozar, para buscar información, etc)
- Aporta os seus propios coñecementos.
- Formula hipóteses.
- Fai deducións.
- Interpreta o sentido global e específico dun texto.
- É capaz de resumir a información.
- Amosa c Manexa un léxico amplo e variado con relación á súa idade.
- Coñece a estrutura textual dun documento e sabe aplicala cando constrúe documentos.
- Coherencia e cohesión nas súas producións.

Resumindo, o enfoque que lle daremos á lectura levará implícito que **ler consiste en interrogar activamente un texto construíndo significados novos** baseándose nas experiencias previas, nos esquemas cognitivos e no propósito da lectura. O lector é o que crea o sentido do texto, baseándose no propio texto e utilizando os seus coñecementos e o seu propósito; polo que lector, texto e contexto están en permanente conxunción. Dito isto, non podemos esquecer que a aprendizaxe da **decodificación** é unha etapa necesaria na aprendizaxe lectora, xa que un neno ou nena que non lograra automatizala é máis proclive a experimentar dificultades na comprensión de textos escritos (Nation & Norbury, 2005). Tendo en conta ademais que a fluidez, é dicir a rapidez e expresión na lectura, é un prerequisite para o desenvolvemento dunha **lectura eficiente**, compre que esta tarefa que require a automatización de procesos de baixo nivel (identificación e decodificación fonolóxica) se ensine e se aprenda nos primeiros cursos do ensino; xa que os procesos de comprensión da linguaxe implican procesos de alto nivel (análise, reorganización da información, elaboración de inferencias, etc) que demandan unha gran cantidade de recursos cognitivos, polo que a identificación de palabras debe ser automatizada co fin de liberar recursos na nosa memoria de traballo (Perffeti, 2007). Sendo conscientes tamén de que , a pesares de todo, poderemos atopar:

1. Pobres decodificadores- bos comprendedores.
2. Pobres decodificadores- malos comprendedores.
3. Bos codificadores- malos comprendedores.

O que requirirá a posta en marcha de **estratexias** que axuden a mellorar estes niveis (apartado A.5).

## A.2. Metodoloxía.

- **Partir do que o alumnado sabe**, porque comprender un texto require duns coñecementos previos que lle permitirán interpretar e dar sentido á nova información. Se non constrúe redes de conceptos e significados sobre o que le, dificilmente poderá comprender.
- Ter en conta que **a comprensión é un acto persoal**, e segundo o principio da aprendizaxe significativa, cando se comprende algo en profundidade máis facilmente se recordará; partir da premisa de que non se consegue comprensión explicando o mesmo e da mesma maneira, cando un alumno ou alumna non comprende, senón buscando o método axeitado; sendo conscientes de que o feito de transmitir a información de maneira organizada, clara e lóxica, por parte do profesorado, non garante a comprensión xa que esta dependerá dos esquemas e conceptos que posúa o alumno, polo que haberá que ter en conta sempre esta variable. Tamén compre non esquecer que é necesario que se axude ao alumnado a afianzar a súa comprensión lingüística para que comprenda os conceptos.
- Considerar a importancia do **fomento da aprendizaxe autónoma** do alumnado mediante o exercicio da lectura comprensiva de diferentes textos e en diferentes formatos.
- Ter presente que **non todos os conceptos requiren** para a súa aprendizaxe **a mesma metodoloxía**, polo que cómpre empregar a máis adoitada e, para elo, é preciso que axudemos ao alumnado a desenvolver o nivel de competencia lingüística que lle permita comprender tanto as explicacións do profesorado como os textos escritos en calquera tipo de formato.
- Favorecer a **comunicación oral**.
- Familiarizar ao alumnado coa **lingua escrita** e a creación de relacións positivas cos textos escritos
- Fomentar a **conciencia metalingüística** concentrándose na linguaxe a través de actividades de manipulación da linguaxe.
- Usar **textos continuos e descontínuos, reais, auténticos e contextualizados**, fronte aos manipulados (deberá propiciarse en todas as áreas).
- Usar **textos diversos procedentes de diferentes medios e formatos** que haberán de ser manexados polo alumnado de maneira habitual.
- Provocar situacións para falar do que se le/escribe e sobre como se fai, fomentando así a **metacognición**.
- **Ler en voz alta** cun obxectivo a acadar.

## A.3 Obxectivos que pretendemos que o alumnado acaden.

A.3.1. Para desenvolver as **competencias lingüísticas** que implican:

- Saber ler e escribir.
- Ser capaz de comunicarse.
- Pensar criticamente.
- Razoar de forma lóxica.
- Utilizar recursos tecnolóxicos.

A.3.2. Para acadar os obxectivos curriculares que se lle esixen ao alumnado:

- Obter/dar unha información precisa.
- Obter/dar información de carácter xeral.
- Seguir instrucións.
- Aprender.
- Desfrutar coa lectura/escrita.
- Revisar un escrito propio.
- Dar conta do aprendido.
- Comunicar un texto a un auditorio.
- Practicar a lectura en voz alta (para colaborar nun recitado, para interpretar un papel nunha obra de teatro, para ler un comunicado, etc)
- Opinar e valorar.

Polo que para desenvolver estas competencias e estes obxectivos deberemos:

Enfrontar ao alumno con experiencias comunicativas auténticas.

Interactuar cos seus iguais.

Interactuar con usuarios competentes da linguaxe.

Proporcionar oportunidades reais de aprendizaxe.

#### **A.4 Propósitos da lectura.**

O alumnado pode ter razóns para ler e escribir (Halliday,1975) polo que establece determinadas **funcións** asociadas aos distintos tipos de textos, soportes ou accións. Estas son:

**Función normativa:** Regras, advertencias, leis, regulamentos

**Función relacional:** Cartas, invitacións, tarxetas de saúdo, felicitacións, telegramas, correos electrónicos, avisos publicitarios.

**Función instrumental:** Instrucións que acompañan a xogos, receitas para elaborar alimentos, manuais diversos...

**Función heurística:** Cuestionarios, enquisas, e escritos de índole reflexiva.

**Función persoal:** Pensamentos e ideas rexistradas por escrito, diarios, biografías, recordos e outros contidos vivenciais e emocionais.

**Función imaxinativa:** Poesía, prosa poética, contos, lendas, novelas.

**Función informativa:** Contidos de áreas de estudo, libros de referencia, periódicos, revistas, arquivos...

**Función dramática:** Para representar accións a través de obras de teatro, libretos, cine e novelas...

**Función recreativa:** Para gozar lendo chistes, anécdotas, artigos humorísticos, como fontes de recreo.

Por esta razón na escola deberemos ofrecer variedade de textos que cubran estes propósitos e ofrecer ao alumnado oportunidades de :

- traballar con diarios e prensa
- revisar producións propias
- consultar diversas fontes para investigar
- realizar tarefas a partir de instrucións
- fomentar a elección de libros na biblioteca
- organizar sesións de lectura de poesías, dramatizacións, etc.
- ler silenciosamente textos e compartir as dúbidas
- explicitar os obxectivos seleccionados para ler un determinado texto.
- ofertar textos de calidade, coidando tanto as imaxes como os textos; así como adaptados á diversidade do alumnado.
- fomentar a lectura crítica e a participación en debates.
- aumentar a oferta de textos dixitais.

PROPÓSITO DA LECTURA	ESTRATEGIA	TIPPO DE LECTURA
Ler para obter información precisa.	Coñecer a orde alfabética, sección do periódico, elementos ordenadores de textos (índices, capítulos, etc), uso do dicionario, etc.	Selectiva, rápida e minuciosa.
Ler para seguir instrucións.	Ler todo o texto e comprendelo.	Significativa e funcional. Controla a comprensión.
Ler para obter unha información de carácter xeral.	Ler os titulares e, se é indispensable, o contido.	Crítica.
Ler para aprender.	Lectura xeral para situar o tema. Profundización de ideas. Aprehensión do lido. Relación co que se sabe. Revisión dos novos termos. Recapitulación, síntese e subliñado. Toma de notas, resumos, anotacións do que non se comprende, esquemas, relectura e complementación con outro texto.	Lenta, repetida, relese moitas veces.
Ler para revisar un escrito propio	Revisión do texto, control para apreciar a necesidade de reescribilo.	Crítica.
Ler por pracer.	Valoración e crítica do que se le. Selección de textos que respondan a estilos e preferencias persoais. Elaboración de criterios para seleccionar textos.	Literaria e non literaria, crítica e selectiva.
Ler para comunicar un texto a un auditorio.	Empregar entoación, pausas, énfase, ritmo, cadencia, etc. adoitada para facer a lectura máis amena e comprensible.	Enfática, expresiva, para que o auditorio escoite con atención e comprenda o que se le.

**A.5 Estratexias cognitivas de comprensión lectora.**

As estratexias de comprensión lectora son procedementos de carácter elevado, que implican a presenza de obxectivos a cumprir, a planificación das accións que se desencadean para acadalos, así como a súa avaliación é posible cambio.

Segundo Solé estableceriamos **tres tipos de estratexias** vinculados aos diferentes momentos da lectura. Estes son:

- De procesamento da información antes da lectura. Estas estratexias permiten a activación de ideas e coñecementos previos e mellorar a construción de significados. Permite inferir que bagaxe de coñecementos ten o alumnado fronte ao texto (Solé; Cooper)
- De procesamento da información durante a lectura. Permiten establecer inferencias de distinto tipo, revisar e comprobar a propia comprensión mentres se le, tomando decisións axeitadas antes os erros e fallos na comprensión.
- De reorganización da información despois da lectura. Dirixidas a recapitular o contido, a resumilo e a estender o coñecemento que se obtivo. Implican

unha actividade metacognitiva de avaliación da propia comprensión (plantexar preguntas, recapitular, resumir...)

<b>ESTRATEGIAS DE PROCESAMENTO DA INFORMACIÓN ANTES DA LECTURA</b>	
<b>Obxectivo: Axudar ao alumnado a plantexar o propósito da súa lectura e activar as súas ideas e coñecementos previos utilizan do diferentes técnicas</b>	
<b>TÉCNICAS E HABILIDADES</b>	<b>ACTIVIDADES</b>
1. PREGUNTAS PREVIAS E FORMULACIÓN DE PROPÓSITOS	1.1. Preguntas que se plantexan o alumnado: “A pregunta da semana” A. Pegar nun panel as preguntas; B. Buscar as respostas en diferentes fontes e formatos; C. Explicitar as fontes de consulta; D. Dar resposta.
	1.2. Preguntas baseadas na organización do texto A. Títulos e subtítulos; B. Claves variadas: cores, negriña, tipos de letra, cadros, sínteses, mapas conceptuais...; C. Índices ou táboas de materias; D. nome do autor; E. Lugar e data de edición; F. Referencia e bibliografía consultada; G. Primeiro capítulo, segundo...; H. Resumos; I. Formularios de preguntas tendo en conta o tipo de texto: ficción ou expositivo
	1.3. Técnica C-Q-C : Que sei sobre o tema. Que quero saber. Que aprendín.
2. ASOCIACIÓNS DE CONCEPTOS	2.1. Palabras clave (textos expositivos) A. Presentar un conxunto de palabras clave representativas dos aspectos máis importantes do texto; B. Organizar, por grupos, dunha maneira lóxica; C. Xustificar os puntos de vista; D. Modificar segundo a información aportada pola lectura.
	2.2. Distintas versións dunha mesma historia A. Presentar un conxunto de palabras clave desordenadas, e, en grupos, ordenalas por medio de frechas, anticipando unha posible secuencia; B. Explicar- lles que deben predicir o contido da historia a partir desas palabras clave. C. Comparar as súas historias co texto orixinal. D. Unha vez ordenadas, inventar unha historia. E. Invitar a ler as propias historias.
	2.3. Técnica do escenario (textos narrativos) A. Presentar un resumo dunha historia, incluíndo a situación, personaxe principal, principais elementos do conflito ou da intriga, ata o punto culminante da acción; B. Invitar ao alumnado a predicir a historia.
	2.4. Técnica PREP A. Escoller tres conceptos clave do texto que van ler e presentar un dos conceptos a cada grupo de 10 alumnos. B. Invitalos a facer asociación . A partir das respostas poderase facer unha idea dos coñecementos que teñen sobre o tema .

3. MIRADA PRELIMINAR E PREDICIÓNS FUNDADAS NA ESTRUCTURA DOS TEXTOS.	3.1. Mirada preliminar para facer predicións sobre un texto.		
	Mirar o material: Títulos e subtítulos. Ilustracións. Cadros e lendas que acompañan. Introducións aos parágrafos. Tipos de letras. Cores.	Definir se é texto narrativo ou informativo a partir de: Os seus coñecementos previos sobre os textos. A información obtida na mirada preliminar.	Predicir: En textos narrativos: o que sucedera. En textos informativos: o que se aprenderá.
	3.2. Gramática ou plan dunha historia ou texto narrativo: A. Exposición : descrición dun personaxe, tempo, lugar, situación inicial. A miúdo comeza por “Había unha vez” B. Acontecemento gatillador: presentación do acontecemento que fai comezar unha historia. A miúdo comeza por: “Un día” C. Complicación: refírese á reacción do personaxe D. Fin: consecuencia a longo prazo da acción do personaxe. E. Moralex: lección que se pode extraer.		
4. PREDICIÓNS	3.3. Mirada preliminar estruturada en textos expositivos. Tipos de texto. A. Descritivos : información sobre un tema especificando algún atributo ou características. Xeralmente presenta primeiro a característica principal seguida de detalles referentes. B. Enumerativos ou secuenciais: presentan listado de elementos . Enumeran compoñentes, describen secuencia dunha transformación; enumeran pasos dun proceso. C. Comparativos: comparan obxectos, persoas, acontecementos, considerando semellanzas e diferenzas. D. De causa-efecto: descríbense as relacións causais entre as ideas.. Unha idea constituirá o antecedente ou a causa, e a outra a consecuencia. E. De problema-solución: parecido ao de causa-efecto pero, neste caso , obsérvase unha certa sobreposición entre o problema e a solución. ( poden aparecer unha ou máis solucións) É convinte visualizar, a través dun organizador gráfico como está estruturada a información. Estes organizadores estarán adaptados aos tipos de textos enumerados anteriormente. Este tipo de actividade é especialmente útil cando: o texto é particularmente difícil, o alumnado está aprendendo unha segunda lingua; cando o alumna- do amosa dificultades na construción de significados ou se sabe que ten un coñecemento previo limitado do tema ou tópico que se aborda.		
	4.1. Predicións nun texto informativo. A. Preparar preguntas que favorezan a predición dos aspectos máis importantes do tema. B. Solicitar ao alumnado que formule hipóteses que respondan ás preguntas que se lle acaba de formular.		

	<p>4.2. Predicións nun texto narrativo.</p> <p>A. A partir dun título e subtítulo: escribir un título e pedir ao alumnado que escriba 10 preguntas ás que se pretende encontrar respostas no texto.</p> <p>B. Pauta de predicións: a partir da introdución e das imaxes, palabras en negriña ou cursiva, invitar ao alumnado a responder á seguinte pauta:</p> <p>1. Despois de ler o título e a introdución penso que este capítulo trata de..... A razón na que me apoio para afirmar isto é ...</p> <p>2. Despois de botar unha ollada a ese capítulo, penso que os personaxes principais serán.... Os acontecementos principais serán.... As seguintes datas parecen importantes ...</p> <p>C. Dez palabras importantes: despois de visualizar o texto, escribirán 10 palabras que lles parecen importantes no texto. Logo intercambiaránas cos seus compañeiros e compañeiras e verificarán a súa presenza durante a lectura.</p> <p>D. Historias para ordenar: dividir unha historia segundo as categorías do relato en anacos e estimular aos alumnos e alumnas a poñelas en orde e lelas en voz alta, individual ou colectivamente.</p> <p>E. O fin da historia: entregar unha historia sen final e solicitar que a completen individualmente. Invítalos a comparar, comentar e gozar dos diferentes finais. Por último ler o final auténtico da historia.</p> <p>F. Historias incompletas: dividir a clase en grupos e entregar a cada un unha historia na que se omitiu unha das categorías do relato. No texto do primeiro grupo, falta a situación inicial; no segundo, o elemento gatillador; no terceiro, a complicación; no cuarto, a resolución do problema; e no quinto, o final ou moralexa da historia. Cada grupo completa o que lle falta; despois len o seu anaco . Finalmente ler a historia completa.</p> <p>G. Historias acumulativas: un alumno ou alumna escribe a situación inicial dunha historia nunha folla e entrégalla a un compañeiro. Este escribirá o elemento gatillador; outro a situación conflitiva; outro a resolución; e, o último, o final da historia. Finalmente lerase a toda a clase.</p> <p>H. Gráficos de historias: presentar a historia en forma de gráfico para identificar as súas partes principais .</p> <p>I. Préstamos á literatura: crear contos a partir dun lido, cambiando lugares onde ocorren os feitos, elemento gatillador, situación problemática, personaxes...Facer un libro de “Contos a partir dun conto”, por exemplo.</p>
5. CHUVIA DE IDEAS	<p>5.1. Chuvia de ideas. Deberá ser utilizada cando o alumnado ten algunha información sobre o tema. Útil como actividade de apertura a unha unidade temática ou para ler un texto recreativo ou informativo. Resulta máis efectiva se se utiliza en combinación con outras.</p> <p>A. Proporcionar papel para rexistrar a súa información. B. Pedir que escriban palabras, frases, ideas... que lles veñan á mente sobre o tópico. C. Solicitar que lean as listas en voz alta e tomar nota no encerado. D. Discutir a información rexistrada. E. Concluir establecendo os propósitos da lectura.</p>



<p>6. MAPA SEMÁNTICO OU CONSTELACIÓN</p>	<p>6.1 Mapa Semántico: consiste na estruturación da información en categorías, representadas graficamente (Pearson e Johnson, 1978). Iníciase cunha “chuvia de ideas”.</p> <p>A. Escoller unha palabra ou tema relacionado co texto e escribila no encerado. B. Estimular aos nenos para que realicen unha “chuvia de ideas” e enumeralas por categorías nun papel. C. Expoñer as listas de palabras por categorías, e incluílas nun mapa poñéndolle nome a cada categoría.</p> <p>Variedades: mapa semántico a tres cores.</p> <p>6.2. Redes semánticas e escalas de precisión: consiste en xerar ideas ou palabras relacionadas cun tema específico. Estas redes funcionan mellor con palabras que pertencen a un mesmo campo semántico.</p>
<p>7. GUÍAS DE ANTICIPACIÓN</p>	<p>7.1. Guías de anticipación: consisten nun cuestionario cunha serie de plantexamentos sobre un texto particular que vai ser lido, co fin de que sexa respondido polos alumnos e alumnas, indicando se están ou non de acordo cos plantexamentos presentados.</p>

<p><b>ESTRATEGIAS DE PROCESAMENTO DA INFORMACIÓN DURANTE A LECTURA</b></p>	
<p><b>OBXECTIVO: Axudar ao alumnado a procesar a información , facendo inferencias de distinto tipo, plantexándose preguntas sobre o texto e tomando as decisións adecuadas ante erros ou lagoas de comprensión.</b></p>	
<p><b>TÉCNICAS E HABILIDADES</b></p>	<p><b>ACTIVIDADES</b></p>
<p>1. INFERENCIAS E PREDICIÓNS</p>	<p>1.1. Inferencias .</p> <p>A. Ler un texto ao alumnado e formular unha pregunta inferencial . B. Estimularlos a formular hipóteses. C. Identificar as palabras clave. D. Formular preguntas de “si ou non”. E Apoiar aos alumnos e alumnas a atopar a resposta máis axeitada .</p>
<p>2. PREGUNTAS SOBRE O LIDO</p>	<p>2.1. Preguntas sobre o lido.</p> <p>Involucrar ao alumnado a xerar preguntas que requiran integrar a información e pensar, a medida que len. Estas preguntas axudan a entender o pensamento do autor.</p>
<p>3. RELACIÓN ENTRE AS ORACIÓNS.</p>	<p>3.1. Comprender as claves explícitas que inclúen principalmente as anáforas e os conectores .</p> <p>Anáforas: A. Presentar un texto e facerlles tomar conciencia do pesado que resultaría repetir cada vez os nomes das personaxes e dos lugares. B. Chamar a súa atención sobre a posibilidade de usar palabras que os reemplacen. (Clasificación de Baumann, 1987)</p> <p>Conectores: son elementos que unen dous sucesos entre si; poden utilizarse para unir dúas proposicións ou dúas frases, tamén poden ser explícitos ou implícitos. Estes últimos presentan un maior grao de dificultade para a súa comprensión.</p>

4. IDENTIFICAR A INFORMACIÓN IMPORTANTE OU AS IDEAS PRINCIPAIS.	4.1. Información textualmente importante ( a que se presenta a través da estrutura do texto) e información contextualmente (a que o lector considera importante de acordo coa súa intención lectora). A. Ensinar a xerar ou identificar a idea principal en función dos obxectivos, activando os coñecementos previos. B. Sinalar o tema e amosar se se relacionan directamente cos seus obxectivos de lectura. C. Amosar como se accede á idea principal: omitindo a información trivial; integrando conceptos noutros que os inclúan; seleccionando a idea cando está explicitada no texto; construír a idea principal.
	4.2. Tomar notas. A. Presentar, por escrito, un contido organizado que facilite os procesos cognitivos de clasificar, resumir, relacionar e secuenciar. B. invitar ao alumnado a anticipar o contido dunha exposición oral ou escrita, colocando os títulos e subtítulos na encerado.

### ESTRATEGIAS DE PROCESAMENTO DA INFORMACIÓN DESPOIS DA LECTURA

**OBXECTIVO: Axudar ao alumnado a recapitular o contido, resumilo, recordalo e amplialo incorporando os aportes do texto.**

TÉCNICAS E HABILIDADES	ACTIVIDADES
1. RECORDO OU PARAFRASEO	1.1. Paráfrase (Koskinen e outros , 1989) A. Invítalos a contar a historia coas súas propias palabras. para aprender a facelo mellor e verificar se o comprenderon. B. Modelar a estratexia parafraseando ante eles, unha historia lida. Esta técnica serve para a avaliación da comprensión (cantidade de información mencionada; secuencia do recordo; importancia da información recordada). Pauta de análise: Dá conta das ideas principais. Inclúe enunciados que resumen o texto. Dá conta das ideas importantes e cita algunhas secundarias. Ten un certo nivel de coherencia. Fai xeralizacións máis alá do texto.
2. ORGANIZADORES GRÁFICOS	2.1. Organizar os termos claves nun diagrama. A. Presentar gradualmente diferentes tipos de organizadores gráficos: de causa-efecto; de analoxía-contraste; de orde temporal; de problema-solución; para textos descritivos; para textos enumerativos
3. ESQUEMAS	3.1. Suxestións: A. O profesor ou profesora resume o resultado dunha discusión grupal sobre algún tema específico, colocando títulos e subtítulos e listando os temas debaixo. B. Axudarlles a analizar os índices de contidos dos manuais ou libros de texto e verificar os seus capítulos, títulos e subtítulos. C. Modelar a realización dun esquema facéndolles notar a función dos números e letras para diferenciar feitos ou accións secundarias.

4. RESUMOS	<p>4.1 Regras ( Brown e Day, 1983)</p> <p>1. Eliminación da información secundaria.2. Eliminación da información redundante. 3. Substitución dunha lista de elementos por un termo que os inclúa. 4. Substitución dunha lista de accións por un termo que as inclúa. 5. Escoller a frase que conteña a idea principal. 6. Producir unha frase que conteña a idea principal.</p> <p>2. Principios: tomar notas e subliñar; identificar as ideas principais e secundarias; diferenciar conceptos e ideas relevantes dos que non son; reparar nos detalles que apoian ás ideas importan- tes; entender a estrutura empregada polo autor; determinar o obxecto de análise, reter e rexistrar; expresar as ideas finais con palabras propias.</p> <p>3. Como identificar as ideas principais: por supresión; substitución por categoría máis ampla que os inclúa; selección de acordo cos fins que se perseguen; síntese final .</p>
5. LECTURA CRÍTICA	<p>Distinguir feitos de opinións. Identificar o punto de vista do autor. Avaliación da credibilidade da fonte.</p>

**B. DENDE O ÁMBITO DA BIBLIOTECA.**

**B.1.** Manteranse todas aquelas actividades consolidadas e dirixidas ao fomento e promoción da lectura, dado que a súa avaliación foi positiva e satisfactoria e que xa se enumeraron ao principio deste documento.

**B.2.** Incorporación de novas tarefas ou programas (por exemplo da Consellería de Educación e das Bibliotecas Escolares), tanto propostas polo equipo de biblioteca, polo Claustro, polo equipo directivo, polas familias... de xeito puntual ou sistemático.

**B.3.** Colaboración cos titores e especialistas:

- A proposta de compra de fondos.
- A proposta de actividades de fomento e animación da lectura.
- A visita á Biblioteca Municipal do Concello por parte do alumnado de 2º ciclo para coñecela e facerse socios.
- Avaliación de tarefas e actividades propostas.

**B.4.** Colaboración con outros equipos:

- Apoiará e colaborará estreitamente co equipo de Dinamización Lingüística: Día de Rosalía, Día das Letras Galegas, propostas de animación á lectura en galego, adquisición de libros con temáticas axeitadas ( Samaín, Entroido..)
- Apoiará e colaborará estreitamente co Dinamización das TIC: mantemento do blog, revisión e adquisición de materiais dixitais...

**B.5.** Participación activa do alumnado por medio de actividades de voluntariado e propostas ALFIN.

## 6. RECURSOS

Para levar a cabo este Plan contamos cos seguintes recursos:

Humanos:

- Claustro de profesores
- Equipo Directivo
- Equipo da Biblioteca
- Familias
- Alumnado
- Estudantes no Practicum da Facultade de Biblioteconomía do campus Coruña-Ferrol por acordo suscrito entre ambas institucións.
- Asesora de Bibliotecas Escolares

Materiais:

- Fondos da biblioteca .
- Libros de texto do alumnado e guías do profesorado.
- Equipamentos informáticos nas aulas , na biblioteca e na sala de informática.
- Doazóns de institucións e/ou particulares.

## 7. AVALIACIÓN

### 7.1. QUE avaliar :

- As propostas do Plan Anual de Lectura.
- Os recursos dos que dispón o centro : foron suficientes; escasos e dificultaron a súa posta en marcha; ou axudaron e facilitaron a posta en práctica.
- O nivel de compromiso do profesorado ante o Plan.

### 7.2 A QUEN avaliar:

#### Ao profesorado:

- Grao de consecución de obxectivos acadados en relación coa posta en marcha das actividades propostas no plan, tendo en conta o nivel de que parte cada un.
- Dificultades atopadas para poñelo en práctica na aula.
- Beneficios que se apreciaron.
- Selección das actividades propostas e temporalización axeitada, co fin de introducilas na práctica diaria de aula.
- Grao de cumprimento do calendario de traballo establecido.

#### Ao alumnado:

- Grao de melloría acadada polo alumnado: comprensión e expresión .
- Estratexias adquiridas nos distintos niveis.
- Satisfacción á hora de levar a cabo as diferentes actividades relacionadas co ensino de estratexias.
- Resultados da avaliación de final de curso.

### 7.3. CANDO AVALIAR.

Ao profesorado: Ao finalizar o curso escolar, na sesión de avaliación dedicándolle un tempo a avaliar o grao de cumprimento do Plan en cada etapa, ciclo e área. Recolleranse as propostas de mellora e introduciranse os cambios necesarios.

Ao alumnado. Cando rematen as actividades que se programan para eles. Ao finalizar o curso.

### 7.4. COMO AVALIAR (Instrumentos):

- Folla de avaliación das actividades levadas a cabo ao longo de cada trimestre. Constará dunha parte cuantitativa (estratexias traballadas e actividades levadas a cabo), e outra cualitativa referida a aspectos tales como o grao de satisfacción polo traballo levado a cabo, dificultades atopadas e propostas de mellora a introducir neste plan.
- Rexistro escrito nos cadernos de bitácora das mochilas viaxeiras e bolsas dos tesouros.
- Análise dos datos recollidos na plataforma MEIGA: número de empréstitos anuais...
- Actas das reunións do equipo de biblioteca onde se recollen as reflexións, análises e propostas de mellora das tarefas realizadas ao longo do curso.

## 8. COMPROMISOS DO PROXECTO

- Traballar estratexias de lectura: cada profesor especialista e titor poñerá en práctica estratexias de procesamento da información co seu grupo- clase: antes, durante e despois da lectura.
- Os ciclos seleccionarán listados de lecturas para as diferentes áreas , e facilitarán estas lecturas na Hora de Ler . Tamén escollerán lecturas para o itinerario lector da súa aula ( lecturas trimestrais e/ou anuais).
- Continuar aumentando e renovando os fondos bibliográficos e materiais da biblioteca, priorizando –entre outros- aqueles que favorezan a inclusión, promovan a diversidade e a igualdade.
- Actualizar e renovar espazos da biblioteca, na medida do posible, adaptándose ás necesidades que vaian xurdindo.
- Seguir traballando para que a biblioteca sexa un espazo inclusivo, tanto a nivel espacial e organizativo como a nivel documental e material.
- Procurar sumarse ás propostas e programas vinculados coas bibliotecas escolares, sempre e cando exista dispoñibilidade de persoal para asumir a coordinacións dos mesmos.
- Cobrará especial importancia, no 3º ciclo, o traballo relativo á busca, selección e análise da información en Internet; así como a organización e o tratamento da información en formato dixital. (Proxecto Abalar)

## 9. BIBLIOGRAFÍA

- Condemarín, Mabel; Medina, Alejandra. Taller de Lenguaje 2. Un programa integrado de desarrollo de las competencias lingüísticas y comunicativas. Ed. CEPE. Madrid (2006)
- Teberosky, Ana. Propuesta constructivista para aprender a leer y a escribir. Ed. Vicens Vives. Barcelona (2003)
- Condemarín, Mabel; Galdames, Viviana. Taller de lenguaje. Módulos para desarrollar el lenguaje oral y escrito. Ed. CEPE. Madrid (2005)
- Solé, Isabel. Estrategias de lectura. Ed. Graó. Barcelona (1998)

### Recursos informáticos

- Cassany, Daniel (2006) . Tras las líneas. Sobre la lectura contemporánea. [http://www.upf.edu/pdi/df/daniel\\_cassany/Malaga07](http://www.upf.edu/pdi/df/daniel_cassany/Malaga07).
- Iza Dorronsoro, Luis. El plan de lectura en los colegios de educación infantil y primaria. [http://dpto.educacion.navarra.es/bibliotecasescolares/blitz\\_files/Blitzam9c.pdf](http://dpto.educacion.navarra.es/bibliotecasescolares/blitz_files/Blitzam9c.pdf).



CEIP de ESTEIRO